

A dark blue vertical bar runs down the left side of the page. A blue arrow points from the right side of this bar towards the right, containing the text 'CURSO 2021-2022'.

CURSO 2021-2022

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP. DE BAROUTA

Several thin, curved lines in shades of blue and grey originate from the bottom left corner and curve upwards and to the right, creating a decorative graphic element.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Introducción.	3-8
1.1. Que é a orientación	
1.2. Principios da orientación	
1.3. Marco legislativo	
2. Xustificación baseada no contexto.	8-10
2.1. Contexto Legal	
2.2. Contexto do CEIP. De Barouta	
-Datos do centro	
-Modificacións propostas na memoria do curso 2019/20	
3. Obxectivos.	10-11
4. Planificación xeral e definición de accións prioritarias.....	11-22
4.1. Secuencia e temporalización trimestral	
5. Estratexias de intervención.	23
6. Criterios de avaliación do plan.	24-26
6.1. Procedementos para avaliar a propia programación	

ANEXO I. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

ANEXO II. PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

1. INTRODUCCIÓN

A orientación considérase como algo inherente á propia educación que trata de contribuír á formación integral dos alumnos/as, á implicación e ao asesoramento dos pais e do resto dos axentes da comunidade educativa.

A orientación enténdese como un continuo que comeza coa escolarización do alumnado e remata ao final do ensino non universitario; un continuo que inclúe a toda a poboación escolar ao marxe do tipo e grao de diversidade que presente.

Os principios sobre os que se fundamentan o concepto e as funcións da orientación, coherentes cos de comprensividade e diversidade, fan referencia a unha tarefa: xeneralizada, continuada, preventiva, integrada na función docente, potenciadora da intervención social e respectuosa coa orixinalidade do alumnado.

A orientación educativa deberase desenvolver nos tres niveis que estruturan a organización escolar:

- Na aula, acción tutorial.
- No centro, departamento de orientación.
- Área escolar, equipos de orientación específicos.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo docente, coordinada polo titor e asistida polo orientador/a e mais polos servicios externos de apoio.

1.1. Que é orientación.

Considerando a orientación como un continuo, que comeza coa escolarización do alumnado e remata ao final do ensino non universitario e que inclúe a toda a poboación escolar, entendémola orientación como parte da educación, dotando a esta dun carácter personalizado.

É unha tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores e apoiado no departamento de orientación. É responsabilidade do equipo directivo, dos profesores e das propias familias. Constitúe unha axuda ou asistencia técnica estimulante, pero non supoñerá a asunción da liberdade do orientado na súa toma de decisións, o que constitúe unha responsabilidade persoal e intransferible.

Orientar é, polo tanto, educar para a vida e educar na capacidade para tomar decisións.

→ *Educar para a vida*: as aprendizaxes que realizan os alumnos/as deben ser funcionais, estar en conexión co seu medio e gardar relación co futuro que lles espera.

1.2. Principios da orientación.

A concepción da orientación está sustentada e fundamentada nos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social. A acción orientadora deberíase anticipar ás situacións ter en conta a necesidade real e non centrarse nunha demanda concreta:

→ *Prevención*: orientación como un dereito de todo educando en todo momento e non unicamente

cando aparece unha problemática específica.

→*Desenvolvemento*: os alumnos/as na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e maila súa personalidade. Trátase de crear un contexto motivador que estimule eses cambios.

→*Intervención social*: a intervención orientadora non debe ter en conta só ó individuo, senón que debe dirixirse ó contexto educativo e social no que se desenvolve.

1.3. Marco Lexislativo.

Os distintos documentos lexislativos sinalan que a función orientadora e a titorial constitúen os servicios e actividades que o sistema educativo oferta co obxectivo de optimiza-lo rendemento do ensino. Destacaremos neste plan a lexislación necesaria para a acción orientadora.

O Decreto 120/1998 regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 xullo de 1998 establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional nesta Comunidade Autónoma.

A **LOE**, Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio, que establece o marco no que se van desenvolver todas as accións educativas incluída por suposto a labor orientadora e recolle, no seu Preámbulo e entre os seus principios básicos o logro de:

- a. Educación de calidade para todo o alumnado.
- b. Equidade na educación que garanta a igualdade de oportunidades.
- c. Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

A **LOMCE**, Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, “modifica en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.”

E sinalase que “os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.”

A lexislación a ter en conta polo Departamento de Orientación será:

<p>EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA</p>	<p>http://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. -Real decreto 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil. -Decreto 330 Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza. -Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza. -Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da educación primaria. -Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. - Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galiza. Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato
<p>XERAL</p>	<p>http://www.edu.xunta.gal/portal/normativa</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE). -Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. -Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. - Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. -Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, primaria, eso e bacharelato. -Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado. -Circular sobre docencia na Educación Infantil por non especialistas; funcións do profesor/a titor/a en relación ao programa gratuidade libros de texto e realización de gardas por profesorado de PT, AL e Orientación.
<p>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. - Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o D. 229/2011 de atención a diversidade. http://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion/1556

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2.1. Contexto Legal

Da lexislación a ter en conta, mencionada no punto anterior, cabe destacar:

- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para planificar as actividades e actuacións do Departamento de Orientación.

2.2. Contexto do **CEIP. de BAROUTA**

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	ANO ACADÉMICO
15026637	CEIP. de BAROUTA	Ames	2021/22

ETAPA	GRUPOS
Educación Infantil	4ºA+5ºA+6ºA: 25 alumnos/as 4ºB+5ºB+6ºB: 25 alumnos/as 4º C+5ºC+6ºC: 25 alumnos/as
Educación Primaria	1º Ciclo A: 16 alumnos/as 1º Ciclo B: 17 alumnos/as 1º Ciclo C: 18 alumnos/as
	3º : 25 alumnos/as 4º: 25 alumnos/as
	5º A: 14 alumnos/as 5º B: 13 alumnos/as
	6º A: 21 alumnos/as 6º B: 20 alumnos/as

Na memoria do curso 2020/21 fixéronse varias propostas para este curso 2021-22 que se terán en conta para a planificación.

Propostas na memoria 2020-21	Aspectos a manter e/ou cambios a introducir neste curso 2021-2022
Orientador/a a tempo completo.	A realizar.
Información ás familias sobre as MADs	A manter.
Mellorar a coordinación cos titores/as.	A manter.
Informar ao Claustro sobre o funcionamento do D.O	A manter.
Seguemento das actividades e intervencións e avaliación das mesmas: elaboración dun rexistro e compartilo cos profesionais que interveñen ou poden intervir .	A manter.
Comunicar e informar á comunidade educativa de tódalas actividades e/ou cuestións importantes.	A manter.
Utilizar a web do centro para comunicar ás familias e ao resto da comunidade educativa.	A manter.
Establecer por trimestre reunións de Departamento, ás que a asistan as/os coordinadores de EI e os/as coordinadores de E. Primaria.	A realizar.
Informar a toda comunidade educativa das liñas de actuación prioritarias do departamento coa finalidade dunha organización funcional e operativa.	A realizar.
Realizar avaliación inicial unha vez iniciado o curso 21-22 co fin de informar e valorar as MAD que poida requirir o alumnado con todo o Equipo Docente.	A realizar.
Continuar cos/as mesmos/as especialistas que forman parte do departamento AL/PT, para dar continuade no tempo ao proceso educativo do alumnado que presenta NEAE.	A manter.
Organizar de maneira funcional os espazos para a intervención dos especialistas de AL e PT, cando estas son fóra da aula por diferentes casuísticas.	A realizar
Mellorar a orientación cara ás familias en canto aos trámites referidos ao D.O.	A manter.
Mellorar a orientación, coordinación e implicación das familias.	A manter.
Colaborar na documentación do centro que poida faltar ou sexa preciso actualizar.	A manter.

Formación na atención a diversidade a nivel xeral e específica en canto as dificultades de aprendizaxe.	A manter.
Mellorar a coordinación co IES, ao que está adscrito o centro.	A manter.
Mellorar a coordinación cos Servicos Sociais	A manter.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais que o Departamento de Orientación asume son, en xeral, os seguintes:

- a) Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individual de xeito saudable.
- b) Previ-las dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a.
- c) Favorece-los procesos de madurez e autonomía persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores, no alumnado.
- d) Contribuír na axeitada relación e coordinación entre os distintos integrantes da comunidade educativa para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado.

Estes obxectivos abarcan dúas dimensións fundamentais do alumno/a:

- Persoal e familiar, entendendo ao alumno/a como persoa individual inserido nunha familia, cunha historia e nun contexto determinado.
- Escolar e social, entendendo ao alumno/a como persoa que interacciona con outros/as e que debe integrarse nunha sociedade que tamén o constrúe.

3.1 Obxectivos específicos:

Respecto ao profesorado:	<ul style="list-style-type: none"> -Colaborar na axeitada coordinación e asesoramento aos equipos docentes, a través da labor tutorial, para atender de xeito integral as necesidades do alumnado. -Coordina-lo labor dos titores, segundo o Plan de Acción Tutorial e plantexar as modificacións oportunas no dito Plan. -Asesoramento e colaboración co profesorado que o demande. -Colaboración cos mestres/as que o precisen sobre as medidas de atención á diversidade. -Asesorar na metodoloxía de traballo en caso de ter que utilizar o ensino telemático.
Respecto ao alumnado:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun documento de adaptación específico de medidas de seguridade para alumnado con NEE. - Comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizárase una proba do seu correcto funcionamento durante o

	<p>tempo que asiste o seu alumnado ao centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prevención ante posibles dificultades e necesidades. -Contribuír a formación en hábitos de estudo e de traballo. - Contribuír a que o alumnado teña o acceso e os medios necesarios no caso do ensino telemático.
Respecto ás familias:	<ul style="list-style-type: none"> -Establecer canles de comunicación, coordinación e colaboración, a través do PAT, para a súa implicación no proceso de formación persoal e escolar dos seus fillos. - Garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. -Potenciar a súa participación a través de reunións, entrevistas, colaboración coas ANPAs, información na web, nas diferentes actuacións e programas que se establezan dentro do ámbito de actuación da orientación.
Respecto ao centro:	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO. - Colaboración co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención. -Colaboración e asesoramento na elaboración e nas modificacións dos diferentes documentos do centro e en especial nos que afecten ao relacionado coa orientación e coa atención a diversidade. -Implicación na mellora da convivencia escolar. -Asesoramento e colaboración na organización e funcionamento xeral do CEIP. De Barouta. -Apoiar e promover iniciativas de formación. -Participar nas sesións de avaliación e seguimento do alumnado. - Redacción da memoria final do Departamento de Orientación
Respecto a outros organismos e institucións:	<ul style="list-style-type: none"> -Contacto, colaboración e coordinación co Concello de Ames a través dos Servizos Sociais. -Contacto, coordinación e colaboración co equipo de orientación específico da Coruña. -Contacto, coordinación e colaboración centros externos (ASPANAES, CEE. Aspanaes Duques de Lugo,...) -Contacto, coordinación e seguimento con servizos externos: ABACO, ITOS-Medrando Xuntos, Aprender a Educar, Eumaxín,..

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

4.1. Definición de accións prioritarias.

- Establecer canles de colaboración e coordinación cos diferentes servizos externos e cos centros de procedencia do alumnado.
- Ter en conta as competencias clave sinaladas na LOMCE e contribuír ao seu desenvolvemento e avaliación, e nas intervencións de atención á diversidade.
- Ter en conta o cambio normativo na atención á diversidade e na orientación que se programe e desenvolva.
- Realizaras avaliacións psicopedagóxicas necesarias dos alumnos/as do **CEIP. De Barouta** (tendo en conta os protocolos establecidos, coa colaboración do EOE se fose necesario) e atender ás necesidades específicas de apoio educativo que se presenten.
- Reforzar a coordinación co departamento.
- Impulsar o traballo do equipo de mestres/as.
- Tal e como se recolle na LOMCE: “Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.”

4.2. Planificación xeral.

A) ACCIÓN TITORIAL.

Dende o departamento de orientación, en colaboración co equipo directivo realizarase e darase difusión do mesmo.

Ao final de curso realizarase unha avaliación do mesmo e proporanse as oportunas modificacións oportunas, se é o caso, para o vindeiro curso.

A acción titorial permanente pode axudar á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. Traballarase con dinámicas que melloren no alumnado as habilidades sociais, participación e autocontrol, coñecemento de si mesmo, e habilidades de comunicación.

As propostas para o alumnado en este curso 2021-22 e as competencias clave a traballar serán:

As actividades dirixidas ás familias serán as recollidas no PAT

- Reunións xerais telemáticas: Acollida, inicio de curso, presentación de titores/as e especialistas.

- Reunións complementarias á acción tutorial.
- Seguimento e entrevistas individuais cos titores/as, segundo as necesidades.

Nas reunións de coordinación cos titores/as de grupo levantarase acta das mesmas coas decisións acordadas respecto aos ámbitos de actuación co alumnado.

B) APOIO NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

O PXAD está pendente de realizarse no CEIP. De Barouta e será de referencia obrigada para as actuacións do departamento nesta materia na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 7, “Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.”

Por outra banda, o departamento de orientación colabora co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas de mellora para facilita-los procesos de ensino-aprendizaxe.

No **CEIP. De Barouta**, no caso de que o alumnado presente algunha das seguintes necesidades neste curso 2021-22, terase en conta o establecido na seguinte táboa:

Necesidades do alumnado	Protocolos da Consellería EOU e outras	Coordinación outras Institucións
Educativas Especiais:	“Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo.” https://www.edu.xunta.gal/portal/node/31984	Equipo Covid do centro. Centro de Saúde de Bertamiráns.
Discapacidade intelectual	“Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”. https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/24710 “Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade intelectual” http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644	
Discapacidade motórica	“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con discapacidade motora” http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf	Pautas do EOE de A Coruña Asociación Sarela de Santiago de Compostela.
Discapacidade sensorial	“Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva”	Pautas do EOE de A Coruña

	https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080	
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA)	<p>"Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)"</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477</p> <p>"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento"</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</p>	ASPANAES Santiago de Compostela CEE. Duques de Lugo
Trastornos conducta	<p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</p>	
Específicas de Apoio Educativo:		
TDAH:	<p>Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario":</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</p>	<p>-Orientacións da Asociación Compostelana de Niños/as con TDAH:</p> <p>http://www.acnhsantiago.org/</p>
Incorporación tardía (Alumnado estranxeiro de recente incorporación):	<p>Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro):</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</p>	
Necesidades específicas de aprendizaxe:	<p>"Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe"</p> <p>http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</p>	
Desvantaxe Socio-Educativa:		
Ambientes desfavorecidos	<p>Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410</p>	
Atención Educativa por Enfermidade:		

Atención educativa domiciliaria	<p>"Protocolo de atención educativa domiciliaria"</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722</p>	
Atención educativa hospitalaria	<p>http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</p>	

Outros protocolos da Xunta a ter en conta:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

Para este ámbito de actuación o departamento de orientación propón:

B.1) Obxectivos:

→ Busca-la cooperación entre tódolos responsables do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado para optimiza-los resultados do mesmo e conseguí-lo desenvolvemento integral dos alumnos/as.

→ Colaborar cando proceda na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.

→ Colaborar co profesorado na prevención e detección de necesidades e problemas de aprendizaxe e na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas á súa solución.

→ Realiza-lo seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe, que se incorpora do estranxeiro ou necesidades educativas asociadas a altas capacidades e TDAH.

B.2) Actividades:

→ Contribuír a fixar pautas e estratexias de traballo na posible elaboración do PE, especialmente nas decisións relacionadas cos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos, na avaliación, na atención á diversidade, nos temas transversais, na titoría e na orientación.

→ Participar xunto ao profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e outras necesidades, realizando as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.

→ Facilitarlle ao profesorado estratexias para atender á diversidade.

→ Colaborar na organización de actividades de apoio e reforzo e realizar o seguimento das ACS.

→ Coordina-la avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.

→ Colaborar cos equipos docentes na planificación e seguimento das medidas de reforzo e adaptacións curriculares para os alumnos/as que as precisen.

→ Manter entrevistas e encontros cos mestres/as, alumnos/as e familias co fin de recoller e achega-la información e a cooperación precisas para dar resposta ás necesidades do alumnado.

→ Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social,...que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Planificación xeral:

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
4º EI 5º EI 6º EI	<p>Informar ás familias da solicitude de BECA NEAE.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación do alumnado na aula, que requira dalgunha MAD e/ou outras. - Revisión de informes previos (avaliacións psicopedagóxicas, solicitudes EOE, ditames, ...) - Revisións de proposta de alumnado con NEAE. -Organización das MAD (horarios de PT/AL, protocolo covid19 NEE, ...) -Colaborar co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que o alumnado precisa para a súa atención. - Identificación do alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar puidera perder o acceso á educación telemática. - Revisión de documentos de centro (colaboración e realización dos necesarios) -Comunicación ás familias das MADs. - Seguimento do alumnado. - Asesoramento ás mestras e ás familias. -Propostas MAD da avaliación inicial. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reorganización das MAD da 1ª avaliación - Avaliacións psicopedagóxicas e informes psicopedagóxicos. -Informes alumnado (internos/externos) - Seguimento do alumnado. - Comunicación ás familias. - Coordinación co EOE. - Asesoramento ás mestras e ás familias. - Observación do alumnado na aula, que requira de MAD e/outras. -Coordinación cos recursos externos. - Reunión semanal de D.O . -2ª avaliación e propostas - Participar na CCP. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reorganización das MAD da 2ª avaliación. - Seguimento do alumnado. -Informe de avaliación final individualizado. - Coordinación co EOE. -Observación do alumnado na aula. -Seguimento do alumnado. - Asesoramento ás mestras e ás familias. - Reunión semanal de D.O . - Avaliación do Plan de Orientación -3ª avaliación e propostas - Participar na CCP. - Memoria final D.O

	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión semanal de D.O . - 1ª Avaliación e propostas - Participar na CCP. 		
<p>1º/2º 3º/4º 5º/6º E.P.</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Informar ás familias da solicitude de BECA NEAE. - Observación do alumnado na aula. - Revisión de informes previos (avaliacións psicopedagóxicas, solicitudes EOE, ditames, ...) - Revisións de proposta de alumnado con NEAE. -Organización das MAD (horarios de PT/AL, protocolo covid19 NEE, ...) -Colaborar co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que o alumnado precisa para a súa atención. - Identificación do alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar puidera perder o acceso á educación telemática. - Revisión de documentos de centro (colaboración e realización dos necesarios) -Comunicación ás familias das MADs. - Seguimento do alumnado. - Asesoramento ás mestras e ás familias. -Propostas MAD da avaliación inicial. - Reunión semanal de D.O . - 1ª Avaliación e propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reorganización das MAD da 1ª avaliación - Avaliacións psicopedagóxicas e informes psicopedagóxicos. -Informes alumnado (internos/externos) - Seguimento do alumnado. - Comunicación ás familias. - Coordinación co EOE. - Asesoramento ás mestras e ás familias. - Observación do alumnado na aula. -Coordinación cos recursos externos - Realización do PXAD. - Reunión semanal de D.O . -2ª avaliación e propostas- - Participar na CCP. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reorganización das MAD da 2ª avaliación. - Seguimento do alumnado. -Informe de avaliación final individualizado. - Coordinación co EOE. -Observación do alumnado na aula. - Asesoramento ás mestras e ás familias. - Reunión semanal de D.O . - Participar na CCP. - Avaliación do Plan de Orientación - Memoria final D.O -3ª avaliación e propostas de mellora.

A coordinación e traballo co profesorado de PT e AL é fundamental e a programación dos mestres/as de PT e AL para este curso 2021-22 aparece no ANEXO I e ANEXO II.

Planificación xeral en caso de confinamento

O traballo telemático dará resposta ás familias e os seus fillos/as. Estableceráse un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia, garantindo así o dereito a educación de todo o alumnado.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/31984>

A páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarouta/taxonomy/term/4>

coa información necesaria será a ferramenta básica de comunicación coas familias e os seus fillos/as. Tamén dispoñen do servizo ABALARMOBIL e servizo de Tokapp Shool para comunicación co equipo docente.

Para realizar calquera comunicación oficial ao Departamento de Orientación será a través do correo electrónico do centro: ceip.barouta@edu.xunta.gal

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas é a máis axeitada para a aprendizaxe de competencias, xa que busca combinar coñecementos, habilidades, e actitudes en situacións auténticas ou moi pretas á realidade. Un dos obxectivos é conseguir que as aprendizaxes resulten de utilidade para a vida, capacitando ao alumnado para planificar e guiar a solución dos problemas que se lle plantexan na súa realidade e prepararlle para un mundo cambiante. O obxectivo último é “aprender a aprender”, como expresión máxima da funcionalidade das aprendizaxes.

As funcións do xefe do departamento serán as citadas no artigo 6º da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998. Estas poderíanse resumir na coordinación, asesoramento, dirección, e participación nas actuacións referidas aos tres ámbitos de actuación.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e tres funcións básicas, referidas a un momento do proceso determinado:

1º Avaliación inicial, permite coñecer a realidade ou estado do alumnado antes de aplicar o programa ou plan.

2º Avaliación formativa, proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para realizar asustes ou cambios necesarios.

3º Avaliación final, mide os resultados ao remate do proceso. A finalidade é medir o conxunto do programa ou plan aplicado.

A avaliación do plan contemplará a avaliación das actuacións programadas e o grao de cumprimento, a avaliación da implicación dos profesionais implicados, así como a avaliación das competencias adquiridas polo alumnado.

Os criterios de avaliación do plan serán:

- a) Eficacia, relación entre o deseñado e o realizado.
- b) Eficiencia, relación entre o alcanzado e os medios aplicados.
- c) Pertinencia, adecuación ás necesidades establecidas.
- d) Coherencia, grao de consistencia das propostas.
- e) Funcionalidade, capacidade de solución.
- f) Utilidade, grao de aplicación.
- g) Relevancia, grao de importancia para cubrir necesidades

Hai que avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes. Poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos a avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención a diversidade.

Para realizar a avaliación e seguimento do plan terase en conta as observacións e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa, os resultados de diferentes cuestionarios de avaliación e autoavaliación, os resultados acadados e as diferentes propostas ou críticas de tódolos implicados na acción orientadora.

Outros instrumentos de avaliación do plan de orientación:

- a) Para o ámbito de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Resultados académicos e valoración do progreso curricular do alumnado con MADs:
 - Coordinación co profesorado respecto ás MADs: (* MB = *Moi bo* / A=*Axeitado*/ M=*Mellorable*)

Actuación	Grao de cumprimento	Implicación dos profesionais
Información aos titores/as sobre as diferentes NEAE que presenta o alumnado do centro.		
Posibles medidas u orientacións para atender as NEAE do alumnado.		
Coordinación co profesorado de PT/AL dende o D.O		

Coordinación de Apoios do profesorado PT dentro e fóra da aula.		
Coordinación de apoios do profesorado de AL dentro e fóra da aula.		
Seguimento e coordinación cos servizos externos		
Asesoramento na toma de decisións no proceso de ensinanza-aprendizaxe.		
Avaliacións psicopedagóxicas e outros informes.		

- Actuacións dirixidas ao profesorado, respecto ás MADs: (* MB = *Moi bo* / A=*Axeitado*/ M=*Mellorable*)

Actuación	Grao de cumprimento	Implicación dos profesionais
Informes previos do alumnado		
Informes de avaliación inicial		
Informes de avaliación		
Informes de seguimento		
Coordinación para as MAD		
Colaboración cos servizos externos		

- Actuacións dirixidas aos pais/nais respecto ás MADs: (* MB = *Moi bo* / A=*Axeitado*/ M=*Mellorable*)

Actuación	Grao de cumprimento	Implicación dos profesionais
Informes previos do alumnado		
Informes de avaliación inicial		
Informes de avaliación		
Informes de seguimento		
Coordinación para as MAD		
Colaboración cos servizos externos		

Na memoria final do curso reflectiranse todos estes resultados que servirán para detectar necesidades, propoñer as modificacións oportunas e programar para o seguinte curso.

ELABORADO		APROBADO	
<p>Vanesa Rilo Mera Xefa do Departamento de Orientación</p>		<ul style="list-style-type: none"> - Juan Manuel Lago Lestón (Mestre de PT) - Jorge García García (Mestre de PT) - María del Carmen Ríos Conde (Mestra de AL) - Emi Russi Cabalar Mestra de AL- compartida co CPI. A Baña - Monse García Cajuso (Coordinadora de E.I) - Paula Leis Rey (Coordinadora 1º ciclo EP) - Patricia Negreira Souto (Coordinadora do 2º ciclo EP) - Inmaculada Mosquera Rodríguez (Coordinadora 3º ciclo EP). 	
Data	Setembro de 2021	Data	30 de Setembro de 2021

PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA CURSO 2021/22

INTRODUCCIÓN

O presente documento é a programación de aula de pedagogía terapéutica, na que pretendemos recoller as contribucións ás competencias básicas, ao conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, que desenvolverán e regularán a práctica educativa durante o curso 2021/22

De acordo coas disposicións xerais que se establecen no Decreto 229/2011 de 7 de decembro que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, a intervención do profesorado especialista en PT deberá contribuír á adecuación da resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado e máis concretamente do alumnado con necesidades específicas de atención educativa.

Os principios de normalización e inclusión, sectorización, flexibilidade e accesibilidade e individualización son os eixes básicos da educación do alumnado con N.E.E. Neste enfoque de intervención psicopedagóxica queda claro que a inclusión implica a necesidade de formar ao profesorado, a elaboración de adaptacións curriculares, a orientación e intervención psicopedagóxica, a innovación e investigación educativa dos procesos integradores, a adaptación dos recursos humanos e materiais e a propia avaliación da práctica docente, o que vai incidir nunha mellora da ensinanza.

ANÁLISE DAS NECESIDADES DO ALUMNADO

A identificación das necesidades do noso alumnado determínase a través da análise sistemática e individualizada da información persoal e académica que realizan os membros do equipo docente, así como da información que se recolle na avaliación inicial e psicopedagóxica, de ser o caso.

As necesidades nas que se incidirá dende o ámbito da Pedagogía Terapéutica son as que seguen:

- Necesidade de traballar habilidades sociais, autonomía, emocións... motivado polo elevado número de problemáticas relacionadas con situación de risco de exclusión social.
- Necesidade de mellorar a comprensión e razoamento xa que están dificultando a adquisición dunha boa competencia curricular nas áreas de matemáticas e lingua galega e castelá.
- Necesidade de reforzar as aprendizaxes básicas, facendo fincapé naquelas de carácter máis funcional, que favorezan a adquisición das competencias clave.
- Necesidade de mellorar o nivel de atención e concentración coa finalidade de seguir ás explicacións dos mestres así coma o desenvolvemento dunha determinada actividade (focalización e mantemento da atención).
- Necesidade de involucrar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Necesidade de manter unha boa coordinación co resto dos mestres e mestras do centro, principalmente, co profesorado titor do ACNEAE.
- Necesidade de manter unha boa coordinarse coas familias e cos servizos externos que tamén traballan co alumnado.

ALUMNADO CON NEAE QUE RECIBE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DE PT NO CURSO 2021-2022

Para establecer os apoios do presente curso o Departamento de Orientación estableceu unha serie de criterios (aprobados na CCP así como na concreción deste curso escolar da PXAD) que xa se viñan aplicando en cursos anteriores.

Levaranse a cabo reunións, ao longo do curso, cos distintos titores dos alumnos/as que reciban apoio coa finalidade de coordinar o traballo levado a cabo. Ditas reunións de coordinación realizaranse de luns a xoves (de 14:00 a 14:30) e/ou os martes pola tarde (telematicamente), tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos mesmos en función das outras reunións e titorías con pais/nais, ademais a través destas reunións preténdese atender ás demandas que vaian xurdindo, tanto do alumnado coma do profesorado.

Tamén se realizarán reunións periódicas coas familias e cos servizos externos que traballen co alumnado NEAE, co obxectivo de facer un seguimento do traballo desenvolvido e valorar os avances ou posibles dificultades que poidan xurdir.

O número máximo de sesións de PT por alumno/a é de 4 semanais (casos de NEE ou AC) mentres que o número mínimo de sesións a alumnado con NEAE é de 2 semanais. Ditas sesións desenvólvense habitualmente dentro da aula ordinaria do alumno ou alumna, realizándose fóra da mesma en casos debidamente xustificadas.

No presente curso están sendo atendidos 16 alumnos/as por dúas persoas mestres de P.T. con horario completo no centro, con previsión de novas incorporacións (estanse valorando arredor 5-6 alumnas e alumnos) Entre as necesidades que se atenden encontramos maioritariamente alumnado con TEA, TDAH, déficits cognitivos e sensoriais, atraso global do desenvolvemento, dificultades de aprendizaxe e NEAE asociadas a historia persoal e escolar .

OBXECTIVO XERAL DA PROGRAMACIÓN

Conseguir o máximo desenvolvemento posible das capacidades cognitivas, motrices, de equilibrio persoal, de relación interpersoal e de inserción social do alumnado e acadar o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición de competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na lexislación para as dúas etapas que se imparten no CEIP: Educación Infantil e Educación Primaria.

Isto supón que se lles facilite unha educación adaptada as súas singularidades, que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se poña ao seu dispor os recursos necesarios (Decreto 229/22011, 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Con respecto ao Centro

Priorizar a intervención nos contornos menos restritivos posibles. Combinaranse o apoio dentro da aula ordinaria con atencións puntuais debidamente temporalizadas na aula de PT para a aplicación de programas específicos segundo as necesidades dos alumnos e sempre que así o determine o DO.

Colaborar na realización das AC, programas de reforzo, detección de alumnos/as con NEAE, asesorar na intervención cos mesmos/as, e todas aquelas cuestións que poidan ser competencia do profesorado especialista PT.

Procurar a máxima coordinación entre tódolos mestres/as que atenden ao alumnado con NEAE (establecemento de obxectivos prioritarios, acordos metodolóxicos, estratexias educativas, etc.).

Coordinarse e colaborar cos diferentes equipos e comisións de traballo do centro para a elaboración e desenvolvemento de actividades e tarefas co alumnado de NEAE.

Con respecto ao alumnado

Mellorar a autoestima e autoconcepto.

Potenciar o desenvolvemento de identidade e autonomía persoal.

Traballar as emocións: identificación, control e regulación das mesmas; así como a resolución pacífica dos conflitos.

Garantir a inclusión social e escolar.

Fomentar o máximo desenvolvemento das competencias básicas ou clave no alumnado con NEAE.

Realizar actividades educativas que complementen, consoliden e enriquezan a acción educativa ordinaria e principal, así como realizar reforzos especializados de determinados contidos académicos que supoñan unha maior dificultade para o alumnado con NEAE.

Desenvolver a adquisición das técnicas instrumentais básicas: expresión oral e escrita, lectura, cálculo e razoamento.

Favorecer a comunicación do alumnado como medio de relación e inclusión social, utilizando sistemas aumentativos nos casos nos que se precise.

Desenvolver aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan unha maior autonomía na adquisición de coñecementos e a aplicabilidade dos mesmos en situacións reais e contextualizadas.

Con respecto ás familias

Facilitarlles o coñecemento real e positivo das posibilidades e dificultades relacionadas coas diferentes áreas de desenvolvemento dos seus fillos (cognitiva, motora, lingüística e socioafectiva).

Fomentar nas nais, pais e/ou titores legais actitudes participativas e de colaboración co centro, sobre todo, no que atinxe ao desenvolvemento dos seus fillos.

Asesorar aos pais dos alumnos con NEAE sobre como potenciar desde o fogar as habilidades e hábitos que se pretenden acadar cos seus fillos e fillas desde o centro .

CONTIDOS

Procurarase o reforzo dos contidos curriculares previstos na normativa para cada nivel educativo, aínda que se incidirá de forma máis especializada nos seguintes:

Habilidades sociais, identificación e expresión de emocións, autorregulación do comportamento.

Traballar na mellora do autoconceito, a autoestima e a autonomía.

Procesos Psicolóxicos Básicos (PPB): percepción e discriminación visual, auditiva e táctil; memoria a longo e curto prazo e focalización e mantemento da atención e a concentración.

Lectoescritura: correspondencias G-F, conciencia silábica e léxica, vocabulario, fluidez e comprensión lectora de diferentes tipoloxías de texto.

Os números e as operacións básicas, estratexias de cálculo mental e resolución de problemas da vida cotiá, procurando unha aprendizaxe funcional.

Estratexias e técnicas de estudo.

METODOLOXÍA

Seguiranse os principios metodolóxicos recollidos no Decreto 105/2014 que regula o currículo

da educación primaria en Galicia (aprendizaxe comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a). De forma máis específica, e tendo en conta a tipoloxía de alumnado atendido en Pedagogía Terapéutica, teremos en conta as seguintes estratexias na intervención co noso alumnado:

- Facilitar instrucións claras e sinxelas, empregando apoios visuais sempre que se considere preciso.
- Priorizar os obxectivos que supoñan aprendizaxes máis funcionais.
- Transmitir a todo o alumnado altas expectativas de logro e empregaremos toda vez que sexa posible o reforzo positivo para mellorar a súa autoestima e autoconceito.
- Favorecer un ambiente de traballo estimulante e de confianza, recoñecendo os erros como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Ter en conta o potencial de aprendizaxe de cada neno e nena, ofrecéndolles todos os apoios e adaptacións necesarias para que logren acadar o máximo desenvolvemento posible.
- Organizar os contidos desde un enfoque globalizador.
- Fomentar aprendizaxes significativas.
- As actividades serán curtas e estruturadas, empregando o xogo e materiais lúdicos e de carácter manipulativos.
- Favorecer a aprendizaxe colaborativa en grupos heteroxéneos naqueles apoios que se realicen dentro da aula ordinaria do/a alumno/a.
- Uso das TIC como apoio e reforzo dos contidos curriculares.

Con todo, con cada alumno estableceranse unhas estratexias metodolóxicas específicas en función das súas necesidades educativas particulares.

Cómpre mencionar a importancia que lle outorgaremos á coordinación e colaboración entre os diferentes axentes internos e externos ao centro que interveñan cun mesmo alumno ou alumna. O obxectivo destas coordinacións (con profesorado titor, con CEE, gabinetes externos, equipos de Atención Temperá, etc.) será establecer uns obxectivos comúns e unhas estratexias e pautas de

intervención compartidas e eficaces. Ao mesmo tempo, procurarase unha axeitada colaboración coas familias, pois entendemos que son, xunto coa escola, o axente socializador por excelencia.

TRABALLO COLABORATIVO A NIVEL DE CENTRO

O traballo con alumnado NEAE debe plantexarse de xeito global global a nivel de centro, para integralo en tódalas actividades e tarefas que os equipos e comisións desenvolvan ao longo do curso.

Só así poderemos traballar aspectos tan importantes como a autoestima e o autoconcepto, así como outros elementos relacionados coa autonomía e os aspectos curriculares.

Ao longo do curso integraremos ao alumnado atendido polos mestres de PT en tódalas actividades que se desenvolvan, trasladando aos mencionados equipos e comisións, a necesidade de ter en conta este alumnado para a súa participación efectiva e para a elaboración das tarefas ou actividades que se propoñan.

ORGANIZACIÓN DA SITUACIÓN COVID-19

A distribución dos apoios segue o protocolo establecido pola situación extraordinaria producida polo Covid-19.

Presencial

Manterase unha atención educativa directa de xeito normalizado mantendo as medidas hixiénicas e de saúde establecidas.

Semipresencial

Nunha atención semipresencial priorizaríase a atención docente directa no centro ao alumnado reestruturando os horarios todo o que sexa preciso para poder darlle esa atención.

No caso de que ese alumnado estea confinado por COVID-19 a intervención realizaráse de xeito telemático a través da aula virtual e/ou realizando videoconferencias.

Telemática

No caso de producirse unha atención educativa telemática faríase uso da aula virtual para adxuntar posibles materiais para o alumnado, ao igual que se realizarán videoconferencias. A comunicación coas familias será a través do correo electrónico, Abalar Móbil ou os medios xa

establecidos no centro (Tokapp).

AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, terá carácter formativo e orientador. Os criterios de avaliación irán en consonancia cos obxectivos e as competencias básicas.

A avaliación consta principalmente de tres momentos: inicial, continua e final. É un proceso continuado no que as tres fases de avaliación deberán considerarse encadeadas e non como algo puntual e illado.

Comezamos (a principio de curso ou cando un novo neno chega ao centro en medio do curso) por unha *avaliación inicial* para ver o punto de partida, cales son as capacidades adquiridas en relación aos obxectivos curriculares, cal é o seu estilo de aprendizaxe, as dificultades que ten ,etc. Logo, ao longo do curso académico, realizarase unha *avaliación formativa* e continua que permite ir reorientando o proceso ensinanza-aprendizaxe e a intervención especializada de PT para establecer os reaxustes oportunos en función das necesidades que xurdan. Ao finalizar o curso, realizarase unha *avaliación final* que permitirá comprobar o grado de adquisición dos obxectivos previstos para cada caso. Así mesmo, os datos obtidos nesa avaliación final recolleranse nun informe final de cada alumno co que intervimos, que formará parte da súa documentación custodiada no DO pola Xefatura do mesmo.

Instrumentos de avaliación

Revisión e análise dos traballos e execucións do alumnado.

Probas orais e escritas.

Fichas de seguimento e informes.

Observación directa: das execucións do alumnado, da idoneidade das actividades e tarefas propostas e autoavaliación das propias estratexias docentes.

Información obtida nas reunións periódicas co resto do profesorado para tratar o progreso e dificultades do alumnado.

Información obtida nas reunións coas familias e cos servizos externos que traballen co alumnado.

RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

Os recursos que utilizemos deben ser adecuados as necesidades do noso alumnado e, ao mesmo tempo, procurárase o máximo aproveitamento e práctica dos mesmos. Non debemos esquecer a importancia de que sexan motivadores e esperten no alumnado o interese pola aprendizaxe. Entre estes recursos utilizaremos:

Persoais Internos e externos :

Titoras e titores e especialistas.

Mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica.

Mestras especialistas en Audición e Linguaxe.

ATEs.

Orientadora.

Persoal externo ao centro: persoal de cociña, especialistas externos,...

Materiais:

Os recursos materiais a empregar serán o máis variados posible, procurando, en cada caso, traballar co material que mellor se adapte as características persoais de cada alumno/a: ao seu ritmo de aprendizaxe, aos seus gustos e preferencias, ao seu estilo cognitivo, etc. De maneira que esperte no alumnado motivación para a adquisición dos aprendizaxes. Por exemplo: letras móbiles, fichas de traballo, xogos de atención e memoria, materiais manipulativos, regletas, arco- miniarco, crebacabezas variados, material funxible e de refugallo, etc.

Potenciaremos, polas súas características, o uso de material manipulativo e miltimedia.

Organizativos:

A aula de apoio está compartida por varios especialistas e tentamos organizar o espazo por recunchos de traballo. O horario no que se levarán a cabo os apoios especializados de PT acordaranse entre profesorado titor, xefatura do DO, especialistas e equipo directivo, tendo en conta a etapa educativa, o horario do seu curso e as súas necesidades específicas.

Horario PT 1

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:45	6ºA	6ºA	6ºB	EI	3º
9:50 - 10:40	EI	5ºA	3º	G	5ºA
10:40 - 11:40	6ºB	6ºB	5ºA	6ºB	DO
11:40 - 12:10	<i>Tempo de patio</i>				
12:10 - 13:00	G	6ºB	EI	6ºA	EI
13:00 - 13:50	3º	COORD	6ºA	5ºA	6ºA
14:00 - 14:30	COORDINACIÓNS				

Horario PT 2

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:45	4º	1º Ciclo C	1º Ciclo A	1º Ciclo A	5º B
9:50 - 10:40	1º Ciclo A	4º	1º Ciclo B	1º Ciclo C	4º
10:40 - 11:40	1º Ciclo B	G	4º	1º Ciclo B	DO
11:40 - 12:10	<i>Tempo de patio</i>				
12:10 - 13:00	5º B	1º Ciclo B	COORD	4º	4º

13:00 - 13:50	4º	COORD	5º B	1º Ciclo B	1º Ciclo B
14:00 - 14:30	COORDINACIÓNS				

Levaranse a cabo diferentes reunións de coordinación: entre os diferentes membros do DO os venres, co profesorado titor nos espazos semanais de obrigada permanencia no centro, e coas familias nas titorías dos martes de 16:30 a 17:30 (priorizando a vía telemática) sempre que se requira a nosa presenza.

As persoas especialistas de PT no curso 2021-2022:

Jorge García García

Juan M. Lago Lestón

PROGRAMACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE 2021/2022

Introdución:

O traballo de Audición e Linguaxe centrarase na atención ao alumnado que presente dificultades comunicativo – lingüísticas, en resposta á atención á diversidade, tendo como obxectivo proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

Así, a programación de AL pretende ser un instrumento para garantir os principios de normalización, inclusión, equidade e igualdade de oportunidades.

Neste inicio de curso teñen atención en AL un total de 16 alumnos/as entre educación infantil e primaria e unha alumna de educación secundaria con atención domiciliaria. Serán atendidos durante o curso por dúas docentes especialistas en Audición e Linguaxe: unha delas leva a cabo a atención domiciliaria e a outra está compartida co CPI de A Baña. Sendo o CEIP de Barouta o centro base.

Xunto coa Xefa de Estudos e a Xefa do Departamento de Orientación organizamos o horario de atención ao alumnado. Este horario estará suxeito a modificacións ao longo do curso, debido as altas e baixas que se producen. Tendo en conta as necesidades do centro é preciso seguir uns criterios de funcionalidade e priorizar aqueles casos que sexan máis graves.

Consideracións a ter en conta:

As alumnas e os alumnos permanecerán co grupo nas sesións de educación física, inglés, música e relixión/atención educativa. Tamén permanecerán co grupo clase sempre que haxa unha actividade colectiva de carácter especial: saídas, festas, conta contos, obras de teatro...O horario da aula de A.L. ten que ser suficientemente flexible para adaptarse ás modificacións que vaian xurdindo (incorporación de novo alumnado, baixas ...). É preciso facer compatibles os horarios do alumnado que ten atención das especialistas de AL e de PT.

Obxectivos xerais.

- Colaborar no proceso de identificación das dificultades relacionadas coa linguaxe e coa comunicación, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Participar no deseño de accións encamiñadas á prevención de dificultades
- Intervir co alumnado que presenta algún tipo de dificultade na linguaxe oral ou na comunicación.
- Apoiar a actuación do profesorado prestándolle recursos, medios materiais, didáctico estratexias metodolóxicas para a atención ás dificultades relacionadas coa linguaxe.
- Dinamizar a integración dos alumnos e das alumnas con neae, facéndoos partícipes das diferentes actividades que se desenvolven na aula e no centro.
- Elaborar e adquirir materiais didácticos que fomenten e favorezcan o desenvolvemento das capacidades lingüísticas.
- Colaborar cos diferentes axentes externos que atendan ós alumnos como servizos de Atención Temperá, ASPANAES, outros especialistas (logopedas privados, psicólogos...)
- Colaborar coas familias asesorando sobre medidas compensatorias que poden levar a cabo no fogar.

Estratexias metodolóxicas

Procurarase un clima de cooperación entre todo o profesorado que atende alumnado con NEAE, e cos diferentes axentes externos.

Conectaranse, na medida do posible, as aprendizaxes na aula de A.L. coas da aula ordinaria.

Favorecerase unha relación de cordialidade co alumnado, indispensable para favorecer a comunicación oral.

Manterase unha comunicación continua coas titoras, membros do Departamento de Orientación e mestras de P.T. especialmente nos casos de alumnas ou alumnos atendidos conxuntamente.

Todas as intervencións faranse en sesións de vintecinco e cuarenta e cinco min. As sesións de

Atención Educativa Domiciliaria serán de cuarenta e cinco min.

➤ **Organización dos horarios ante a situación do Covid- 19**

A organización temporal e distribución dos apoios segue o protocolo establecido pola situación extraordinaria producida polo Covid-19.

Presencial

Manterase unha atención educativa directa de xeito normalizado mantendo as medidas hixiénicas e de saúde establecidas, cos horarios que a continuación adxuntamos:

AL 1

HORARIO MARI AL					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00–09:50	A.T	1º Ciclo B	A.T	1ºCiclo B	1º Ciclo B
09:50–10:40	A.T	1ºCiclo A	A.T	4º E.P	1ºCiclo A
10:40–11:40	A.T	Infantil B	A.T	Infantil B	D.O.
11:40–12:10	Tempo de Patio				
12:10–13:00	1ºCiclo C	4º E.P	5ºA E.P	1ºCiclo A	1ºCiclo B
13:00–13:50	1º Ciclo B	5ºA E.P 5ºB E.P	1º Ciclo B	5ºB E.P.	Garda
13:50–14:00					

AL 2

HORARIO		EMI AL	
	LUNS	MÉRCORES	VENRES
09:00–09:50	Itinerancia	3ºE.P 3ºE.P	4ºE.P 1ºE.P
09:50–10:40	3ºE.P 4ºE.P	6ºE.P	Garda
10:40–11:40	4ºE.P 4ºE.P	Garda	D.O.
11:40–12:10	Tempo De Patio		
12:10–13:00	PELO	4ºE.P 4ºE.P	6ºE.P 1ºE.P
13:00–13:50	PELO 3ºE.P	1ºE.P 1ºE.P	Itinerancia
13:50–14:00			

Semipresencial

Nunha atención semipresencial priorizaríase a atención docente directa no centro ao alumnado reestruturando os horarios todo o que sexa preciso para poder darlle esa atención.

No caso de que ese alumnado estea confinado por COVID-19 a intervención realizaráse de xeito telemático a través da aula virtual e/ou realizando videoconferencias.

Telemática

No caso de producirse unha atención educativa telemática faríase uso da aula virtual para adxuntar posibles materiais para o alumnado, ao igual que se realizarán videoconferencias. A comunicación coas familias será a través do correo electrónico, Abalar Móbil ou os medios xa establecidos no centro (Tokapp).

4. Programas de intervención.

No presente curso as dificultades son as seguintes:

Un neno en 4º de Educación Infantil con atraso global do desenvolvemento. Recibe Atención Tempera. En Infantil tamén se desenvolve o Plan de Estimulación da Linguaxe Oral cos tres grupos A,B e C levando a cabo en sesións de 25 minutos.

Sete nen@s en 1º Ciclo de Educación Primaria.

Dous nen@s presentan TEA (unha delas ten escolarización combinada co CEE Duques de Lugo) e un deles asiste a atención tempera en Aspanaes.

Un neno con atraso global do desenvolvemento.

Un neno con retraso da linguaxe

Tres nen@s con dislalias.

Dous nen@s de 3º de primaria.

Un neno con incorporación tardía e TDAH.

Un neno con trastorno de conducta derivado de condicións sociofamiliares desfavorecidas

Un neno con dislalias

Tres nen@s de 4º de primaria:

Un neno con trastorno de conducta derivado de condicións sociofamiliares desfavorecidas e con deficiencia auditiva.

Unha nena con NEAEA asociadas a retraso madurativo. Limitación funcional da man esquerda.

Unha nena con dificultades na lectura.

Dous nen@s de 5º de primaria:

Unha nena con TDAH.

Un neno con problemas na lectoescrita.

Un neno de 6º de primaria con con tetraparesia espástica, dificultades lingüísticas e de memoria.

Atención Educativa Domiciliaria: está escolarizada no CEE López Navalón e recibe atención educativa domiciliaria, oito sesións semanais os Luns e os Mércores

5. Recursos

Material de soplo, atención e discriminación auditiva, lotos fonéticos, lotos de imaxes, contos, contos con pictogramas, puzzles, dominós de imaxes, recursos de internet, actividades para o ordenador. En xeral calquera tipo de material dispoñible no centro que sirva para favorecer a comunicación.

6. Avaliación

Ao comezo do curso realizaremos unha **avaliación inicial** a partir dos datos obtidos da avaliación psicopedagóxica, da información que nos proporcione a titora, a familia, e da observación directa que fagamos da alumna ou alumno, que nos servirá para tomar conciencia do punto de partida da nena ou neno, permitíndonos regular máis adecuadamente o apoio que deberemos prestar. O alumnado contará coa autorización da familia para impartir o apoio específico de AL.

A partir deste momento, procederemos de forma continuada a levar a cabo un **seguimento trimestral** da alumna ou alumno cunha dobre finalidade: por un lado, detectar e poñer remedio ás dificultades que impiden o desenvolvemento das nenas e nenos e, por outro, previr posibles dificultades que poidan xurdir nun futuro.

Na **avaliación final** realizarase un informe que recollerá un resumo da súa evolución en todos os aspectos da linguaxe pasando a formar parte do seu expediente académico.

Para cada un destes alumn@s desenvólvese un programa de intervención individualizado concretado na programación de aula.